XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

**ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE POIO, DA VÍA DE SERVIZO DA PO-535 DE TITULARIDADE DA XUNTA DE GALICIA, EN FRONTE DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN XOÁN DE POIO, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO (DPV)**

## COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Ángel Moldes Martínez, na súa condición de alcalde do Concello de Poio, en representación desta entidade.

## EXPOÑEN

O Concello de Poio solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a cesión da titularidade dunha vía de servizo da estrada PO-535, fronte ao cemiterio municipal de San Xoán de Poio, entre o p.q. 0+060 e o p.q. 0+120. Fundamentou a petición na aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a ampliación do cemiterio municipal de San Xoán de Poio, a raíz do informe sectorial emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), no cal se poñía de manifesto que parte da ampliación do cemiterio está situada dentro do DPV da PO-535, que ten a consideración de vía de servizo.

Esta vía de servizo carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG), cumprindo co estipulado no número 5 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG), o cal recolle que os cambios de titularidade poderán abranguer estradas, treitos delas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

CVE: hKCkEFfbvdK0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Mediante o Decreto 22/2025 do 17 de marzo, (DOG núm. 58 do 25 de marzo de 2025), a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Poio da vía de servizo da PO-535 de titularidade da Xunta de Galicia, en fronte do cemiterio municipal de San Xoán de Poio, xunto co seu DPV.

De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 22/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

**ACORDAN**

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Poio da vía de servizo da PO-535 de titularidade da Xunta de Galicia, en fronte do cemiterio municipal de San Xoán de Poio, xunto co seu DPV, definido a continuación:

| Transferencia | Inicio | Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29) | Final | Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29) | Lonx. (m) | Superficie orientativa de DPV ($m^2$) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Vía de servizo MD da PO-535 fronte ao cemiterio municipal de San Xoán | p.q. 0+010 MD PO-535 | x = 525.863 y = 4.699.620 | p.q. 0+150 MD PO-535 | x = 525.796 y = 4.699.495 | 143 | 1.970,15 |

E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez*

*O alcalde do Concello de Poio, Ángel* Moldes Martínez

**ANEXO I . PLANOS**

**Asinado por:** BORRAJO SÁNCHEZ, YAGO
**Cargo:** Secretario Xeral Técnico
**Data e hora:** 27/03/2025 11:01:30

CVE: hKCkEFfbvdK0
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

| P.K. ou Inicio/Final da transferencia | UTM X | UTM Y |
|---|---|---|
| Inicio Pk 0+010 marxe dereita da PO-535 | 525.863 | 4.699.620 |
| Pk 0+060 marxe dereita da PO-535 | 525.837 | 4.699.575 |
| Pk 0+120 marxe dereita da PO-535 | 525.810 | 4.699.521 |
| Final Pk 0+150 marxe dereita da PO-535 | 525.796 | 4.699.495 |

| Nº | Transferencia | Lonx.(m) |
|---|---|---|
| 1 | Treito vía servizo PO-535 Pks 0+010 ao 0+150 MD | 143 |




## Transferencia a prol do Concello de Poio da vía de servizo da PO-535, xunto co seu DPV, fronte ao cemiterio municipal de San Xoán

- Eixo viario obxecto de transferencia ao Concello
- Eixo viario transferido anteriormente ao Concello
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico
- Límite municipal do Concello de Poio

1:25.000

CVE: hKCkEFfbvdK0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

UTM ETRS89 huso29

Cartografía IGN © INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

525.700 525.800 525.900




| P.K. ou Inicio/Final da transferencia | UTM X | UTM Y |
|---|---|---|
| Inicio Pk 0+010 marxe dereita da PO-535 | 525.863 | 4.699.620 |
| Pk 0+060 marxe dereita da PO-535 | 525.837 | 4.699.575 |
| Pk 0+120 marxe dereita da PO-535 | 525.810 | 4.699.521 |
| Final Pk 0+150 marxe dereita da PO-535 | 525.796 | 4.699.495 |

| Nº | Transferencia | Lonx.(m) |
|---|---|---|
| 1 | Treito vía servizo PO-535 Pks 0+010 ao 0+150 MD | 143 |

| Nº | Superficie DPV a transferir | Área (m2) |
|---|---|---|
| 1 | Franxa delimitada polo SP-PO | 1.970 |

## Transferencia a prol do Concello de Poio da vía de servizo da PO-535, xunto co seu DPV, fronte ao cemiterio municipal de San Xoán

- Eixo viario obxecto de transferencia ao Concello
- Puntos quilométricos da transferencia
- Superficie do DPV obxecto de transferencia ao Concello (deslinde SP-PO)
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico

1:1.500


Asinado por: MOLDES MARTINEZ, ANGEL
Cargo: ALCALDE CONCELLO DE POIO (CONCELLO DE POIO)
Data e hora: 27/03/2025 09:55:13

CVE: hKCkEFfbvdK0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve


JTM ETRS89 huso29

PNOA outubro 2023 © INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA